



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DA ANTIGA ESCOLA DE A MADALENA DESTINADA A VELORIO E SALA MULTIUSOS DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, José Luis Suárez Martínez, na súa condición de alcalde do concello de Monterrei, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións do entorno rural para a mellora da calidade de vida da poboación. Poder contar cunha adecuada oferta no ámbito do ocio, do deporte, da cultura, e/ou nos sectores produtivos, así como cunha boa gama de servizos básicos é fundamental para acadar unha mellora das condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia. Todo isto, dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas e de mellorar a estrutura do territorio para poder fixar a poboación do rural galego.





Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

Entre as súas funcións está promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a contorna natural, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

A Axencia no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). As regras deste acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola





súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o concello de Monterrei para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciña. No ámbito destas competencias, desenvolve todas aquelas funcións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado, o concello de Monterrei, como entidade máxima da representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

O 17 de marzo de 2025 o concello de Monterrei presentou unha solicitude de colaboración a esta Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca". Xunto coa solicitude achegou un proxecto técnico para o acondicionamento interior da antiga escola de A Madalena destinada a velorio e sala multiusos.

Actualmente a antiga escola de A Madalena situada no concello de Monterrei atópase nun estado deteriorado que precisa de melloras debido ás humidades polas filtracións de auga e as consecuentes humidades no seu interior. A necesidade e acometer estas obras radica en que este espazo público é un lugar de uso por parte dos veciños destinado a velorio e sala de usos múltiples onde se levan a cabo actividades para a poboación do lugar.

Ao anterior, debe engadirse a reiteración de apoio que presta esta Axencia para preservar estas edificacións públicas e que continúen sendo accesibles para o seu uso e destino público por parte da poboación do entorno adaptándoas aos criterios de eficiencia enerxética e mantemento sostible.

Para ambas partes, o acondicionamento do dito local social e velorio responde á necesidade de fortalecer a cohesión social no medio rural, facilitando un espazo multifuncional que sirva tanto para encontros comunitarios como para un servizo esencial no ciclo de vida da poboación. Esta infraestrutura resulta fundamental para evitar o illamento social e fomentar o arraigamento dos habitantes desta aldea.

Con todo o exposto queda manifesto o valor social e cultural do local o que o xustifica a solicitude de axuda de financiación por parte do concello para levar a cabo as actuacións propostas e definidas no proxecto.

En consecuencia, o citado proxecto ten cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.
- Dinamización da vida socioeconómica e cultural da zona.





- Mellora da relación social dos veciños.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Mellora dos tecidos culturais, educativos e produtivos.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.

Por outra parte, as actuacións propostas cumpren os requisitos c) previstos para a categoría C) da regra 3 do acordo do 20 de abril de 2022:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. (...)
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Ademais, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado neste apartado polo Acordo de 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural), sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Concellos.

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto presentado polo Concello de Monterrei para o acondicionamento interior da antiga escola de A Madalena destinada a velorio e sala multiusos dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca", cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

Cuarto.- O artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.





Como se pode deducir do manifestado nos apartados anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese público, social e económico para o desenvolvemento rural, a través da categoría de proxecto senlleiro en que se encadra, conforme ao Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (modificado polo Acordo de 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ao desenvolvemento rural levadas a cabo pola Axencia.

En concreto, en relación ao proxecto de que se trata, as razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrencia pública e a seguinte: a singularidade do proxecto presentado polo concello para o acondicionamento interior da antiga escola de A Madalena destinada a velorio e sala multiusos xustifícase en que nos atopamos ante un espazo público de uso e relación entre os veciños que precisa de melloras estruturais que teñen como finalidade a mellora do confort interior e a eliminación de humidades debido ás filtracións e condensacións.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través dun convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é o acondicionamento interior da antiga escola de A Madalena destinada a velorio e sala multiusos de acordo coas actuacións definidas no proxecto presentado polo concello.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar na antiga escola de A Madalena son as que se relacionan no proxecto presentado polo concello de Monterrei.

En concreto, as actuacións a realizar son as seguintes:

- Substitución de cubrición e placa inferior deteriorados e meteorizados.
- Mantemento e acondicionamento interior e substitución de carpinterías buscando a tipoloxía tradicional da zona e da edificación co respecto a traballos, materiais, técnicas construtivas tradicionais.
- Melloras interiores con trasdosados e instalación de illamento en cuberta.





- Instalación de equipo de estufa de pellets canalizable por teito de aire quente e renovación das instalacións eléctricas, climatización e protección

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que estean encadrados nos conceptos que se detallan no Anexo I "Orzamento e descrición por partidas" e cumpran as condicións que se detallan no proxecto técnico presentado.

TERCEIRA.- Obrigas do concello de Monterrei

O concello de Monterrei comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Xunta de Galicia para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o concello de Monterrei cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento o concello de Monterrei deberá presentar as certificacións ou a declaración responsable, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional





cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O concello de Monterrei comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto técnico "Acondicionamento interior da antiga escola de A Madalena destinada a velorio e sala multiusos" a desenvolver polo beneficiario no marco do presente convenio, de acordo co orzamento previsto no Anexo I deste convenio, ascende a ascende a corenta e oito mil trescentos sesenta e seis euros con trinta e nove céntimos (48.366,39 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

• Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	38.693,11 €
• Concello de Monterrei:	20%	9.673,28 €
TOTAL	100%	48.366,39 €

A achega da Axencia realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2025	38.693,11 €
	38.693,11 €	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que





supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo concello de Monterrei do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O concello de Monterrei tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 30.954,49 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o concello de Monterrei solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na ou proxecto técnico que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións previstas no proxecto técnico que ascende a ascende a corenta e oito mil trescentos sesenta e seis euros con trinta e nove céntimos (48.366,39 €) dos cales 38.693,11 euros serán financiados pola Axencia 9.673,28 euros polo concello.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2025.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia





Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa da subvención presentarase electronicamente por medio do procedemento xenérico <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A> e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.
- Certificación ou informe da persoa titular da Secretaría ou da Intervención da entidade local ou, de ser o caso, do/da empregado/a público/a que, de acordo coa estrutura organizativa do concello, teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditativo de que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos na normativa de contratación do sector público, e con indicación do procedemento seguido para a contratación das obras subvencionadas.
- Acta de recepción.
- Certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE no marco das actuacións realizadas en relación ao custo real soportado.
- Certificado bancario ou declaración asinada polo representante legal da entidade local indicando o número de conta bancaria (IBAN) para os efectos de efectuar o ingreso da subvención que corresponda.
- Acreditación da colaboración da Axencia e da Xunta de Galicia (na publicidade das actuacións subvencionadas).
- Imaxes fotográficas das actuacións realizadas.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.





- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que o concello de Monterrei non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificatevos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello de Monterrei acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2025, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo concello de Monterrei e a persoa titular da secretaría xeral da Axencia como representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

DÉCIMO SEGUNDA.- Modificación do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes e realizarase mediante unha addenda coa normativa aplicable.

DÉCIMO TERCEIRA.- Extinción do convenio

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.





- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO CUARTA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data que figura no mesmo.

María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

José Luis Suárez Martínez

Alcalde do concello
de Monterrei





ANEXO I

- Orzamento

Capítulo	Partidas	Importe	Porcentaxe
C01	Actuacións previas	379,05 €	1,13
C02	Albanelería	2.656,39 €	7,91
C03	Revestimentos e falsos teitos	190,46 €	0,57
C04	Pintura	3.220,40 €	9,59
C05	Pavimentos	2.361,19 €	7,03
C06	Carpintería de madeira	351,20 €	1,05
C07	Carpintería de aluminio e fechadura	12.958,28 €	38,58
C08	Vidreira	4.426,41 €	13,18
C09	Illamentos	1.165,53 €	3,47
C10	Instalacións eléctricas	2.113,49 €	6,29
C11	Instalacións de iluminación	248,98 €	0,74
C12	Instalacións de protección	234,02 €	0,70
C13	Instalacións de calefacción e climatización	2.213,22 €	6,59
C14	Control de calidade	135,60 €	0,40
C15	Xestión de residuos	678,50 €	2,02
C16	Seguridade e saúde	257,38 €	0,77
Orzamento de execución material			33.590,10 €
13,00% Gastos xerais			4.366,71 €
6,00 % Beneficio industrial			2.015,41 €
Base Impoñible			39.972,22 €
21 % IVE			8.394,17 €
Orzamento total obra			48.366,39 €

- Descrición por partidas

- **Capítulo 01- Actuacións previas**

- 126 m² demolición manual instalación eléctrica completa
- 8 ud alzado de cercos en muros
- 30 m² retirada mobiliario e transporte
- 3 m² demolición falso teito escaiola

- **Capítulo 02- Albanelería**

- 77,29 m² trasdosado autoportante resistente fogo
- 8 ud recibido premarcos interiores
- 126 m² axuda instalación eléctrica edificio vivenda
- 6,83 m² axuda instalación fontanería edificio vivenda
- 144 m² axuda instalación calefacción edificio vivenda





- **Capítulo 03- Revestimentos e falsos teitos**
 - 10 m² enlucido xeso branco verticais
 - 2 ud recibidor reixa ventilación PVC
- **Capítulo 04- Pintura**
 - 368,15 m² pintura plástica branca
 - 216,55 m² pintura plástica acrílica lisa
- **Capítulo 05- Pavimentos**
 - 77,85 m² tarima flotante sintética imitación madeira
- **Capítulo 06- Carpintería de madeira**
 - 2 ud reparación porta maciza
- **Capítulo 07- Carpintería de aluminio e fechadura**
 - 19,22 m² ventilación balcón aluminio lacado oscilobatente
 - 3,15 m² porta lacado practicable monobloc
- **Capítulo 08- Vidreira**
 - 20,66 m² triplo acristalamento baixo emisións
- **Capítulo 09- Illamentos**
 - 77,29 m² illamento panel ríxido la mineral
- **Capítulo 10- Instalacións eléctricas**
 - 79,20 m circuíto monofásico 3x1,5 mm² 750 v.
 - 79,20 m circuíto monofásico 3x2,5 mm² 750 v.
 - 11 ud base enchufe parede estanco ou de exterior
 - 1 ud cadro distribución eléctrica media 5 KW
 - 10 ml liña repartidora subterránea
- **Capítulo 10- Instalacións de iluminación**
 - 4 ud regreta de superficie 2x36 W led
 - 2 ud downlight led 21 W 4000K 1989 lm
- **Capítulo 11- Instalacións de protección**
 - 1 ud extintor polvo químico ABC 6 kg
 - 1 ud sinal polistireno 210x197 mm. equipos contra incendios fotoluminiscente





- 3 ud sinal polistireno 297x420mm. equipos contra incendios fotoluminiscente
- 3 ud aparato autónomo de alumeado emerxencia non permanente

- **Capítulo 12- Instalacións de calefacción e climatización**
 - 1 ud estufa ecoforest pellets 14 KW
 - 14,50 m conduto ventilación chapa aceiro galvanizado 12,5 diámetro

- **Capítulo 13- Control de calidade**
 - 1 ud control documental materiais, fichas, documentos, supervisión

- **Capítulo 14- Xestión de residuos**
 - 1 ud alugueiro contedor residuos 16 m³
 - 1 ud transporte residuos non perigosos de construción e demolición
 - Taxa xestión residuos vertedoiro de tellas e material cerámico
 - Xestión residuos mesturados de construción non perigosos
 - Xestión de residuos envases perigosos
 - 1 ud separación residuos en obra

- **Capítulo 15- Seguridade e saúde**
 - 2 m sistema provisional borde valla 1 m
 - 9 m estada tradicional

